

A lingua galega no espello. Edición e estudo de seis vilancicos cantados fóra de Galicia antes de 1650¹

Rosario Álvarez²

Recibido: 28 de xullo de 2016 / Aceptado: 27 de xaneiro de 2017

Resumo. Transcribimos e estudamos seis vilancicos en lingua galega cantados, e probablemente producidos, en territorios de lingua española ou portuguesa antes de 1650 (Valladolid, Toledo, Sevilla, Jerez de la Frontera, Lisboa, México). Son vilancicos non paródicos, nos que a lingua é o trazo que mellor identifica os fillos de Galicia, homes e mulleres humildes que acoden a celebrar o nacemento doutro galego pobre, o meniño que está chamado a ser o seu novo señor e o seu redentor. Son textos que presentan diversos graos de hibridación lingüística, debida ás características do sistema galego na altura, á acomodación a un público que fala español ou portugués, á transmisión textual ou a un impulso hipercharacterizador. O noso obxectivo, ademais do de contribuír ao coñecemento desta selección en concreto, é borrar a sospeita de falsificación deitada inxustamente sobre todo o amplo corpus de vilancicos, sen facer distincións: o traballo de edición filolóxica fai posible analizar a hibridación lingüística e separar os trazos/textos imitativos dos verdadeiros trazos/textos galegos, establecer unha cronoloxía relativa entre variantes e o seu itinerario xeográfico, e mais arrequentar o coñecemento do galego deste período, tan necesitado de novos datos e de novos textos. Asemade, mostramos como, a través dos fenómenos máis recorrentes (reais ou finxidos), se pode obter o conxunto de trazos con que noutros territorios hispánicos labraban o retrato lingüístico dos galegofalantes.

Palabras chave: Galego medio; Séculos Escuros; hibridación lingüística; imaxe lingüística; vilancico.

[es] La lengua gallega en el espejo. Edición y estudio de seis villancicos gallegos cantados fuera de Galicia antes de 1650

Resumen. Transcribimos y estudiamos seis villancicos en lengua gallega cantados, y probablemente producidos, en territorios de lengua española o portuguesa antes de 1650 (Valladolid, Toledo, Sevilla, Jerez de la Frontera, Lisboa, México). Son villancicos no paródicos, en los que la lengua es el rasgo que mejor identifica a los hijos de Galicia, hombres y mujeres humildes que acuden a celebrar el nacimiento de otro gallego pobre, el niño que está llamado a ser su nuevo señor y su redentor. Son textos que presentan diversos grados de hibridación lingüística, debida a las características del sistema gallego coetáneo, a la adaptación a un público que habla español o portugués, a la transmisión textual o a un impulso hipercharacterizador. Nuestro objetivo, además del de contribuir al conocimiento de esta selección en concreto, es borrar la sospecha de falsificación arrojada injustamente sobre todo el amplio corpus de villancicos, sin distinción: el trabajo de edición filológica hace posible analizar la hibridación lingüística y separar los rasgos/textos imitativos de los auténticos rasgos/textos gallegos, establecer una cronología relativa entre variantes y su itinerario geográfico, e incrementar el conocimiento del gallego de este período, tan necesitado de nuevos datos y de nuevos textos. Al mismo tiempo, mostramos que, a través de los fenómenos más recurrentes (reales o fingidos), se puede obtener el conjunto de rasgos con los que, en otros territorios hispánicos, trazaban el retrato lingüístico de los gallegohablantes.

Palabras clave: Gallego medio; *Séculos Escuros*; hibridación lingüística; imagen lingüística; villancico.

[en] The Galician Language in the Mirror. The Editing and Analysis of Six Carols Sung Outside Galicia before 1650

¹ Esta contribución inscribíse no marco do proxecto de investigación “Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna. Catalogación, multiedición, glosario e estudo”, que se desenvolve no Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela con financiamento do Ministerio de Economía y Competitividad (referencia FFI2013-47589-P). IPs: Ernesto X. González Seoane e Rosario Álvarez.

² Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega.
E-mail: rosario.alvarez@usc.es

Abstract. Six carols sung in Galician, although probably produced in Spanish- or Portuguese speaking areas before 1650 (Valladolid, Toledo, Seville, Jerez de la Frontera, Lisbon and Mexico), have been transcribed and studied. They are non-parodic carols in which language is the feature which best identifies the humble children, men and women of Galicia who gather to celebrate the birth of another poor Galician, the boy who is set to become their new lord and redeemer. They are texts which present different degrees of linguistic hybridity, owing to the characteristics of the Galician system at the time, the accommodating of an audience that speaks Spanish or Portuguese, textual transmission or an attempt to hyper-characterise. The objective of this study, in addition to contributing to the knowledge of this selection specifically, is to erase the suspicion of falsification which has been cast unfairly over the entire and broad corpus of carols, without distinctions: the task of philological editing enables the analysis of linguistic hybridization and the separation of imitative characteristics/texts from authentic Galician characteristics/texts, and to establish a relative chronology between variants and their geographical itinerary, as well as to encourage the knowledge of Galician during this period, so in need of new information and new texts. Furthermore, it will be demonstrated how, through the most recurrent phenomena (real or unauthentic), a set of traits that other Hispanic territories would employ to construct the linguistic portrait of Galician speakers can be obtained.

Keywords: Early Modern Galician; *Séculos Escuros*; Linguistic Hybridisation; Linguistic Image; Carol.

Sumario. 1. Introducción. 2. “Ollos tan divinos”: ¿galego ou portugués? A dificultade da transmisión textual. 3. “Veña embora, veña”: circulación das variantes e sucesiva hibridación. 4. A imaxe lingüística do galego. 5. Cabo. 6. Referencias bibliográficas.

Como citar: Álvarez, R. (2017): “A lingua galega no espello. Edición e estudo de seis vilancicos cantados fóra de Galicia antes de 1650”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20 (Núm. especial), pp. 25-39.

1. Introducción

É coñecido que a decadencia do galego durante máis de tres séculos (os Séculos Escuros) nos deixou sen apenas textos escritos nun longo período histórico crucial para comprendermos como se foi configurando o galego moderno ao tempo que se consolidaba a separación do

portugués; e por iso teimamos en poñer en valor a extraordinaria relevancia de calquera peza textual, con independencia da súa importancia artística, encomiando o labor de pesquisa, localización, edición e estudo de todas elas. Aínda que quixeramos expoñer unha vez máis a nosa visión sobre este asunto e achegar novos pequenos datos con que tentar alumar un pouco mellor estes séculos de intensa escuridade, as naturais limitacións espaciais impostas polos editores disuadiríannos deste propósito; remitimos por iso ao noso traballo máis recente (Álvarez e González Seoane 2016), que esperamos veña a lume antes de que esta contribución chegue ás mans dos lectores.

Os textos que imos presentar e analizar foron producidos e difundidos en territorio non galegófono entre finais do século XVI e a primeira metade do século XVII. Son todos eles vilancicos non paródicos, é dicir, neles o uso da lingua galega –real ou finxida, imitada– non ten unha intención cómica senón de caracterización verosímil duns personaxes (pastores, segadores, criados...: individuos humildes, traballadores pobres), galegos de nación, que se presentan perante o neno e a súa nai celebrando a chegada do seu novo señor. Porque, cómpre insistir, non todos os vilancicos “de galegos” son paródicos nin están escritos nunha lingua paródica³. Ora ben, a ausencia de comicidade non garante a fiabilidade lingüística dos textos: os autenticamente galegos están sometidos aos problemas derivados dunha transmisión escrita a cargo de persoas que non coñecen o idioma e para as que a letra do vilancico –secundaria respecto da música no marco do espectáculo– cumprirá mellor a súa función se non se distancia moito da falada polo público (ou se se achega, aínda que sexa forzadamente, a ela); nos restantes, os autores e transmisores conténtanse con repetir unhas cantas formas morfolóxicas e léxicas que fan parte das características do xénero e con usar unha serie de trazos que, supostamente, dan un ‘aire galego’ ao asunto.

³ Remitimos á nosa presentación no VII Congreso da AIEG, Barcelona 2003 (Álvarez 2007), para as razóns da presenza do *galego* nos vilancicos e a caracterización dos personaxes, o marco temporal e espacial destas composicións, os problemas de autoría e localización dos textos e a evolución posterior do *galego* como personaxe cómico; no mesmo lugar insistimos sobre o valor lingüístico destes textos: o carácter testemuñal da parodia, a información contrastiva ‘galego vs portugués’ e ‘galego vs castelán’, a ampliación do abano de variantes diacrónicas e diatópicas e o arriquecemento do tesouro lexicográfico.

O noso obxectivo presente é dobre. Dunha parte, queremos mostrar que o traballo de edición filolóxica e a metodoloxía científica, sen prexuízos nin exclusións apriorísticas, fan posible analizar a posible hibridación lingüística (gráfica, fónica, morfolóxica, léxica, etc.), identificar “desviacións” debidas á transmisión textual, detectar trazos que só responden a unha intención hipercaracterizadora, inventariar fenómenos de (posible) variación diatópica ou diacrónica real... e, en definitiva, separar os textos imitativos dos verdadeiros textos galegos, recuperando este patrimonio cultural e proporcionando novas bases para a historia da lingua e da literatura galegas. Doutra, mostrar, a través destes testemuños, como era visto o galego, contrastivamente, polos contemporáneos que falaban as dúas linguas peninsulares máis estendidas, español e portugués.

Ofrecemos, sempre que é posible, a transcripción estrita dos poemas dados ao prelo ou que figuran nos manuscritos da época. Cando os acompañamos da nosa edición, respectuosa cos textos transmitidos, procuramos dar a lectura e interpretación que, ao noso xuízo, mellor se acomoda ao orixinal; con todo, só se modifican con criterios modernos aspectos formais que non alteran nin a pronuncia, nin a selección de variantes morfolóxicas e léxicas, nin o contido do poema⁴.

2. “Ollos tan divinos”: ¿galego ou portugués? A dificultade da transmisión textual

O poema “Ollos tan divinos” foi exhumado por García de la Concha e Álvarez Pellitero (1982), na edición do *Libro de romances y coplas del Carmelo de Valladolid (c. 1590-1609)*, onde ofrecen o facsímile (vol. I: ff. 151v-152r) e a transcripción paleográfica (vol. II: 274-275). Mereceu a inmediata atención de Pensado (1985: 283-293), que lle dedicou unha serie de tres artigos breves, nos que saúda a boa nova e contribúe a difundir o texto, acompañado de atinados comentarios lingüísticos e culturais; ao tempo, deita unha sombra de sospeita sobre a lingua en que está escrito,

visible xa no título do primeiro ensaio (“Un nuevo villancico «gallego»”). Existe outra versión conservada no acervo de poemas do Carmelo que obra na Biblioteca Colombina (Bengoechea 1995: 186-187), con algunhas diferenzas textuais significativas. No sucesivo, referirémonos a estas dúas versións como CV e BC, respectivamente.

O poema ten a forma dun vilancico. Comeza cunha redondilla de versos hexasílabos con rima cruzada *abab*, que serve de tema e estribillo, pois os tres últimos versos retómanse na rima e no motivo ao remate das tres coplas seguintes (*-ais / pucheriños / -ais*). Cada unha delas consta de dous grupos de catro versos hexasílabos, en rima consonante: primeiro a mudanza con rima abrazada *cddc*, diferente en cada estrofa; o segundo grupo comeza cun verso de enlace coa rima da mudanza e remata con tres que enlazan coa parte final do tema inicial, *cbab*.

A rima consoante presenta algúns problemas nos que convén deterse, por se tratar de prácticas máis ou menos recorrentes ou por ser indicio dalgúns fenómenos de interese textual. Nos vv. 1-3 topamos co problema da nasal: CV fai a rima perfecta, mais non así BC, que practica unha rima *-ino/-iño* non infrecuente neste corpus (*divinos / pucheriños*). Son varios os lugares en que se presenta o asunto da rima entre ditongo decrecente homorgánico e vogal: así como CV resolve en *cabaleiro / queiro* (vv. 22-23), BC sostén a rima imperfecta entre *caullero e queiro* (vv. 14-15); ambas as versións ofrecen *quereis* en rima con *portugués e este mes* (CV vv. 13-16-17; BC vv. 21-24-25); obsérvase, en cambio, nas dúas, *cosa*, con redución do ditongo, en rima con *preciosa e honrrosa* (vv. 8-9; tamén v. 8).

As reticencias de Pensado verbo da lingua do texto están xustificadas, pois semella encontrarse nunha encrucillada entre portugués, castelán e galego. Con todo, sorprende a rotundidade con que o erudito profesor asegura que os trazos de hibridación “no son erros de transmisión del texto, ni castellanizaciones

⁴ Dito en positivo, normalizamos grafemas –sempre que non teñan repercusións fonéticas–, a acentuación, o uso de maiúsculas e minúsculas, a puntuación e a separación de palabras. O proxecto *Gondomar: Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* (<http://ilg.usc.gal/gl/proxectos>) ofrecerá en breve prazo, en liña, os facsímiles coas diversas lecturas aliñadas.

de amanuenses, son formas congénitas fruto de una composición literaria en lengua ajena” (Pensado 1985: 293), o que o leva a imaxinar como autora unha monxa non galegófona que tería contacto coa lingua dos galegos a través dos que traballaban como criados ou similares oficios humildes, en Castela e noutros lugares⁵. Con independencia de que na altura se

desen, obviamente, fenómenos de hibridación lingüística e de que este fose un condicionante importante na selección de trazos á hora de compoñer un texto en territorio non galegófono, cremos que non se pode restar importancia ás dificultades de transmisión oral e escrita de textos galegos en contexto castelanófono ou lusófono.

Carmelo de Valladolid (CV)	Biblioteca Colombina (BC)	Edición
otro alo mismo	otras	
Ollos tan diuinos e por que chorais sabeis pucherinos e vos fatigais	Ollos tan diuinos he por que chorais sabeis pucheriños e vos fatigais.	Ollos tan divinos, ¿e por que chorais, s’habeis pucheriños e vos fatigais?
Se algua cosa vos falta en belen ydvos santaren que e cosa preçiosa terra muyto honrrosa que vos muyto amais e esos pucherinos ja vos non jacais	Se alguna cosa vos falta ã belẽ id vos santarẽ que es cosa preciosa, terra muito honrrosa que vos muito amais esos pucheriños ja vos nõ facaiz.	Se algúa cosa vos falta en Belén, id vós Santarén que é cosa preciosa, terra muito honrosa que vós muito amais, e esos pucheriños ja vós non façais.
se olanda quereis que vale un peru lenço calecu ylo portuges si en todo este mes e vos lo pagais tantos pucherinos ja vos non jacais	Soi muito fidalgo muito cauallero he por ende queiro vos placer enalgo pos que tão ualgo decei que mãdais esos pucheriños ja uos nõ facais.	Soi muito fidalgo, muito cabaleiro, e por ende queiro vos placer en algo. Pois que tanto valgo decei que mandais, e esos pucheriños ja vós non façais.
sois muyto fidalgo muyto cabaleiro e por ende queiro vos praçer enalgo pois q̄ tanto valgo deçey q̄ mandais e esos pucherinos ja vos non jacais	Se olãda quereis que vale un peru lenzo calecur ilo portuges si en todo este mes e vos lo pagais tamtos pucheriños ja vos nõ facais.	Se holanda quereis, que vale un Perú, lenço calecú, hilo portugués, si eu to do este mes e vólo pagais, tantos pucheriños ja vós non façais.

⁵ Elucubra tamén coa posibilidade de que estes textos transmitidos nunha variedade fortemente hibridada (“*gallego acastellanado*, por no decir, *castellano agallegado*, que quizás fuese más exacto”) fosen escritos por galegos que fóra de Galicia acomodarían a súa lingua á dos seus amos, dando lugar a un “*castrapo exterior*” (Pensado 1985: 283, 287). A tese da monxa, reiterada en sucesivas referencias á “autora”, susténtase en argumento tan feble como que “este despliegue de telas sugiere una pluma femenina” (*Ibid.* 292).

Como xa se adiantou, a lingua do poema merece algúns comentarios. Centrarémonos en primeiro lugar en se a base é galega ou portuguesa; do grao e forma de castellanización ocuparémonos a seguir.

Dixo Pensado (1985: 288) que “la grafía es la gallega”, sen se estender máis: efectivamente, non hai dígrafos <lh, nh> senón <ll> (*ollos*), e <n ~ ñ> segundo a copia (*pucheriños* CV, *pucheriños* BC⁶), nin hai -m final (*tan, belen ~ belē, non ~ nō*). O uso de grafemas específicos para as sibilantes sonoras redúcese a <j> (*ja*), pois nas alveolodentais empréganse as grafías que antigamente correspondían a consoantes xordas (*praçer ~ placer, deçei ~ decei* vs port. *prazer, dizei*). A grafía <algua> pode representar a variante *algúa* –aínda viva no galego oriental (ALGa: II 258)– e a antiga *algũa*, que está na base das máis comúns gal. *algunha* e port. *alguma*; ora ben, <ua> é tamén unha solución documentada para /'uŋa/ ante a dificultade de grafar a nasal velar, polo que <algua> ben pode representar *algunha* (non así *alguma*). Outros trazos apoian a tese galega: faltan terminacións tipicamente portuguesas en -ão ~ -am (*tan* e *non ~ nō*); emprégase a variante *decer*, ben documentada historicamente como forma característica do galego (Maia 1986: 728, Carvalho 1978 e 1980) e viva ata os nosos días no occidente e sur de Galicia (ALGa: I 242).

A voz *pucheriños* (= *pucheiriños*) arrastra a sospeita de ser un castelanismo léxico⁷, en galego e en portugués, por causa da solución -uch-; a vogal <e> pode ser unha proba neste sentido ou unha simple redución gráfica de

<ei>. Se efectivamente é un castelanismo, debe ser moi antigo, pois co significado ‘vasilla pequena de barro, máis alta ca ancha’, con diversas formas e usos segundo as localidades, está moi difundido por todo o territorio e sempre coa terminación tradicional -eiro (cf. TLPGP: sv. *pucheiro*); engádase, como proba do seu asentamento no idioma, que integra unha familia (*pucheira, pucheirada...*), que forma parte da fraseoloxía e do refraneiro e que está recollido na lexicografía galega desde Sarmiento aos nosos días (DdD e DRAG: sv). Non é tan usual na frase *facer pucheiros* ou no significado que lle deu pé, mais xa a encontramos usada por Sarmiento (1746, “Dempois o Meniño / ou Conde pequeno, / como hum paxariño / fazendo pucheiros”, Sarmiento 2002: copla 606) e nos dicionarios de Francisco Javier Rodríguez (“Melindre, afectacion, monada, gesto con la boca ó cara, &.”, ca. 1854; DdD: sv. *pucheiro*) e Aguirre (“Melindres, niñadas, etc.”, 1858; DdD: sv. *pucheiro*). No *Corpus Lexicográfico Português* (CLP), séculos XVI-XVIII, non demos documentado a voz, con ningún dos significados testemuñados en galego.

A forma *ilo* ‘fio’ é un castelanismo léxico que nos leva de novo á orixe galega, pois tanto a especialización *hilo* ‘lenzo de liño’ coma o sintagma *hilo portugués* serían difíciles de explicar dentro da lingua e cultura portuguesas⁸. Tamén encontra apoio en variedades galegas o castelanismo *valgo* (gal. *valo* e *vallo*), en rima con *fidalgo* e *algo*, co tema documentado no Subx. Pre. *valga(n)* desde mediados do séc. XIV (5 rexistros en TMILG, entre 1360 e 1527, todos no oeste de Galicia; cf. ALGa: I 121).

⁶ O texto da BC presenta uniformemente un punto (non un til) sobre o grafema da consoante nasal só cando esta podería representar o son palatal <ñ>, de aí que leamos <ñ>.

⁷ A dúbida preséntaa xa Sarmiento (1746-1770), que a testemuña como voz de uso corrente no mercado da Pontevedra do seu tempo y “trivial en Galicia”: “De *puls, pultis*, latín puro que significaba lo que en gallego *papas* y en castellano *puches*, formaron los latinos la voz *pultarius* para significar la vasija en que se cocían las puches o otro alimento semejante. De *PULTARIO puchero* y la gallega *pucheiro*. | Dudo si la voz *pucheiro*, aunque tan trivial en Galicia, es pura gallega o tomada del castellano; la razón que me hace dudar abrirá camino para discernir la analogía gallega de la castellana en sus corrupciones o transmutaciones de las letras. Las letras *LT* que se hallan juntas en medio de una dicción latina, pasan en castellano a *ch*, como de *MULTO mucho*, de *CUTELLUS cuchillo*, de *PULTES puches*, de *AUSCULTO escucho*, y en especial cuando las precede *U*. Pero en ese mismo caso las pasa el gallego a *IT* o *UIT*, v. g.: *muíto, cuitelo, escuito*; y como no dice el gallego *puiteiro* que debiera según su analogía, sino *pucheiro* según la analogía castellana, en esto se funda mi razón de dudar” (Sarmiento 1970: 261-262). Para o portugués, véxase Houaiss: sv. *puchero, pucheiro*.

⁸ Na época, o *hilo portugués* é un tecido especialmente estimado como artigo de luxo. A modo de exemplo: “Entra otro mozo, vendiendo y pregonando tranzaderas, holanda de Cambray, randas de Flandes y hilo portugués” (Cervantes 1615, *apud* CORDE).

Respecto da forma *queiro*, que a primeira vista pode semellar hipergaleguismo apoiado polas necesidades da rima, hai base para conxectar que se trate da pervivencia dunha forma antiga de P1 do Ind. Pre., correlato de *queira* no Subx. Pre., consonte o funcionamento xeral do sistema verbal galego (*vallo / valla, subo / suba, veño / veña, caibo / caiba...*)⁹. Finalmente, non é infrecuente que a variante *si* da conxunción, átona, alterne con *se* en galego.

Outros fenómenos de hibridación parecen deberse á transmisión irregular en territorio castelanófono. Cremos que esa é a mellor explicación para *esos* ‘eses’, aínda que esta variante existe en galego de forma marxinal (ALGa: II 228); para <soi(s)>, copiada coa forma castelá no canto de *sou* ou *son*; e para <vos lo> por *vólo*, representación gráfica da amálgama [‘bɔlo] ‘vos o’. Tamén é probable que *cosa* ‘cousa’ e *caullero* ‘cabaleiro’ sexan só castellanizacións gráficas.

En definitiva, trátase dun poema escrito en galego e non en portugués. O cotexo dos dous testemuños evidencia problemas de transmisión documental e deixa entrever que, non sendo un copia directa do outro, pode haber máis manuscritos circulando nos conventos do Carmelo ou fóra deles. Dos dous, semella máis fiable BC, polas razóns seguintes: a orde estrófica é máis congruente co argumento do poema, pois o cabaleiro ofrece os presentes despois de declarar a súa posición social e a vontade de favorecer o neno; non incorre no erro <sois> (CV v. 21), falta de sentido, nin na inexistente forma <jacais> (CV v. 12) por *façais*; emprega a terminación *-iños* para o diminutivo (a diferenza de *diuinos*),

sen renunciar a unha forma tan caracterizadora como ‘galego’. É mellor a versión de CV noutros aspectos: na resolución gráfica de <calecu> (CV v. 15), deixando o estranxeirismo con vogal final aguda, sen lle apoñer unha coda consonántica procurada innecesariamente entre o abano patrimonial, <calicur> (BC v. 23)¹⁰; no mantemento da conxunción ilativa no estribillo “e esos pucheriños...” (CV vv. 11, 27) fronte a “esos pucheriños” (BC vv. 11, 20); e mais no uso de *praçer* (CV v. 24) no canto de *placer* (BC v. 16), da P3 *e* e non a forma castelá *es* (v. 8) e da forma patrimonial *cabaleiro* (CV v. 22) e non do castellanismo *caullero* (BC v. 14; cf. port. *cavalheiro*).

Ambas as versións deixan unha pasaxe escura de difícil resolución, “si en todo este mes / e vos lo pagais” (CV vv. 17-18, BC vv. 25-26). Concordamos con Pensado en que é plausible que “acaso pudo confundir una *u* con una *n* (*eu* por *en*) y lo que en el verso se leía era: *si eu to do este mes* = si yo te lo doy este mes”; ás dificultades da transmisión habería que atribuír <to> por *cho* (salvo un improbable testemuño de teísmo) e <do> por *dou*. Para resolver a segunda parte do problema –a impertinencia de condicionar a oferta a un pago–, Pensado propón esta solución: “El verso siguiente *e vos lo pagais*, carece también de sentido, si le damos el habitual de *pagar*, y el contexto exige el de *apreciar*, es decir, *y vos lo apreciáis, os es agradable*” (Pensado 1985: 292)¹¹. Na mesma liña explicativa, suxerimos para *pagar* o significado “Corresponder a [o afecto ou ben recibido doutro]” (DRAG: sv.), ou sexa, atender a petición “tantos pucheriños / ja vós non façais”.

⁹ Unha das irregularidades de *querer* no galego moderno reside no incumprimento desa regra (*quero / queira*). *Queiro* era infrecuente na Idade Media, polo menos nos rexistros formais, a xulgar polo escaso número de atestacións rexistradas en TMILG (só 4). Na base da grande abundancia de *queiro* no corpus dos vilancicos “en galego” producidos fóra de Galicia está, sen dúbida, a intencionalidade caracterizadora como ‘galego’ por medio de *-eiro*.

¹⁰ Podería ser mala copia dun *-t* orixinal. *Calicud* e *calicut*, motivadas polo exotopónimo, son variantes gráficas en castelán desde Covarrubias 1611: “Vna cierta tela delgada, que traen de la India de Portugal, y tomó el nombre de la prouincia donde se labra, llamada Calicvd”; no Suplemento, no artigo CALICVT, describe a cidade e remata “Dio nombre a la tela que tenemos dicho” (*apud* NTLLE: sv. *calicvd, calicvt*). En portugués, o topónimo adaptaciónase como *Calicu* (Cardoso c. 1510-1569, CLP: sv.) ou *Calicut* (Poiars 1667, CLP: sv.). O *calicú* era de fina seda. Desde mediados do século XIX, introducíronse esp. *calicó* (1852 Salvá, *apud* NTLLE) e port. *calicô* (preferida a *calicó*, Houaiss: sv. *calicó, calicô*), ambas a través do francés *calicot* (Corominas: sv. *calicó*), que denominan unha tea de algodón, non necesariamente fina, da mesma orixe; tamén en galego moderno: “Tea fina de algodón. *O calicó utilizábase para facer vestidos e camisas*” (DRAG: sv. *calicó*). En apoio de se tratar de tecidos diferentes, cf. Dávila *et al.* 2004: sv.

¹¹ O *Diccionario de Autoridades* (1737) recolle este significado de *pagar* en castelán: “Vale assimismo complacer, agradar, satisfacer o dar gusto. Usase muchas veces como verbo recíproco” (*apud* NTLLE: sv.). Os exemplos de uso son da construción ‘Alguén (sux.) se paga de...’, diferente da do noso texto.

3. “Veña embora, veña”: circulación das variantes e sucesiva hibridación

“Beña nora buena” é o primeiro dos vilancicos galegos editados por Lapa (1930: 33-35). Foi cantado en Lisboa, na Capela Real, no nadal de 1640¹², polo que nos referiremos a el como L40. Consta dunha canción de 21 versos seguida de dúas coplas de 20 versos, ao final das cales se repite o estribillo “Beña, etc.”. A canción inicial repítese, con variantes formais significativas, no terceiro vilancico da colección (*Ibid.* 38-39), que foi cantado na mesma Capela Real no nadal de 1645 (L45)¹³; vai seguida de dúas coplas que repiten os motivos, en distinta orde, con importantes diferenzas textuais e algúns elementos novos. Entre as dúas versións de Portugal, atopamos outra cantada na catedral de Toledo no nadal de 1641 (T41)¹⁴, moito máis achegada a L45 ca a L40, mais con diferenzas formais que interesa analizar desde o punto de vista lingüístico. Non hai razóns para supoñer que a transmisión fose lineal, mais si para concluír que estas non son as únicas versións que circularon, a un e outro lado da raia portuguesa; o achado de novos testemuños, que agardamos, permitirá afinar mellor o traballo que exporemos a seguir de forma aínda preliminar.

Por limitacións de espazo reduciremos o cotexo e a edición á canción inicial (vid. *infra*), no convencemento de que abonda aos obxectivos presentes. Ten dúas partes: a primeira está formada por 5 pareados de versos hexasílabos e heptasílabos alternos en rima asonante, coa palabra *veña* en anáfora no inicio de cada dístico, que animan á chegada do meniño aludido por medio de mencións metafóricas dos seus

atributos (*o ceo, (a) miña vida, o sol divino, o sol fermoso, o lume*)¹⁵; a segunda, dividida entre os versos dedicados aos parabéns á nai e á chamada á festa, continúa cos pareados de cinco, seis e sete sílabas ata os tres versos finais (*-ón, -iña, -ón*), ampliados pola repetición de *retiña*.

Na nosa edición, realizada cos criterios anteditos, optamos pola versión máis completa, na orde que, de acordo cos testemuños, semella máis acorde coa estrutura argumental e estrófica. En todos os casos seguimos o orixinal, sen por iso desatender as lecturas e comentarios dos editores que nos precederon.

Como trazos que pretenden marcar o texto como ‘galego’ salientamos a grafía , os ditongos decrecentes (*oyro*) e as terminacións *-iño* e *-ón*, mais é evidente que estes non caracterizan o galego por igual aos oídos de todos os falantes peninsulares. Na altura, en Galicia e en Castela, dábase un alto grao de indistinción gráfica entre , v>, toda vez que representaban os mesmos sons, mais desde a óptica dos residentes na corte lisboeta, tanto os falantes portugueses setentrionais coma os galegos tiñan como trazo marcante a indistinción entre /b:v/ (uso de /b/ tanto en *boi* coma en *vaca, veña, viño*...), de aí o interese local en insistir sobre ; hai que supoñer, por tanto, que o trazo presente en T41 (*beña*, coma en L40) procede dunha copia producida en territorio lusófono. Algo similar ocorre co uso de *ouro* (en rima imperfecta con *fermoso*, L40 e L45): para un falante lisboeta non serían caracterizadoras dos do norte, incluídos os galegos, nin a variante [’o]ro nin moito menos [’oj]ro, polo que é presumible que o cambio a *oyro* (T41,

¹² *Villancicos, que se cantarañ na capella real del rey D. Ioam nosso Senhor, o IV. de Portugal, nas Matinas da noite do Natal, este anno de 1640. Em Lisboa: por Jorge Rodrigues*. Accesible en BNP: <http://purl.pt/23779>. Foi tamén editado por Darcy Damasceno (1970: 20-21), a partir do exemplar da colección Barbosa Machado, depositada na Biblioteca Nacional do Rio de Janeiro.

¹³ *Villancicos, que se cantaram na Capella, do muyto alto, & muyto poderoso Rey Dom Ioam o Quarto, o amado nosso Senhor nas matinas da noute do Natal de 1645. Em Lisboa: por Paulo Craesbeeck, 1645* Accesible en BNP: <http://purl.pt/23784>. Na *Primeira parte do Index da Livraria de mvica do muyto alto, e poderoso Rey Dom João o IV, Nosso Senhor* (1649: 219), “Venha embora venha” figura como “galego” e atribuído a Carlos Patiño.

¹⁴ *Villancicos que se cantaron en la Santa Iglesia de Toledo, Primada de las Españas, en los Maitines de la noche del Nacimiento do nuestro Señor Iesu Christo, deste año de mil y seiscientos y quarenta y vno. Impressos con licencia, en Toledo, por Iuan Ruiz de Pereda, Impresor de el Rey nuestro señor* (BNE VE/88/8). Accesible en <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000142393&page=1>. Editado por Buezo (1992: 423-424).

¹⁵ T41 introduce a réplica “Beña” tras cada dístico, ampliada en “Beña, è seja” no derradeiro; L45 só incorpora esta última. Lapa non inclúe este verso na edición de L45, pero avisa en nota: “V. 10-11. Entre estes dois versos anda no original um meio verso, *veña e seja*, sem o menor sentido, que consideramos erro de impressão” (1930: 39). Á vista de T41, semella evidente que formaba parte do desenvolvemento do vilancico.

Lisboa 1640 (L40)	Toledo 1641 (T41)	Lisboa 1645 (L45)	Edición
Beña nora buena o ceo para a terra.	1. Beña en bora, beña o ceo para terra.	Veña embora veña o ceo para a terra.	1. Veña embora, veña o ceo para a terra.
Beña minha vida e seja de Galicia.	2. Beña.	Veña miña vida & seja de Galicia.	2. Veña.
Beña o Sol divino que nace garridiño.	1. Beña, miña vida, y seja de Galicia.	Veña o Sol divino que nace garridiño.	1. Veña miña vida e seja de Galicia.
Beña o Sol fermoso que nace como un ouro.	2. Beña.	Veña o Sol fermoso, que nace como un ouro.	2. Veña.
Beña o lume, beña, e fujão as tenebras.	1. Beña o Sol fermoso, que nace como un oyro.	Veña a lume, veña, & fujam as tenebras.	1. Veña o sol fermoso que nace como un ouro.
E à bela sua Mãy o parabem le day:	2. Beña.	Veña, & seja, & à sua bela mãy	2. Veña.
Que faga a mantiña que bole a palliña.	1. Beña lume, beña, fujan as tiniebras.	o parabem lhe day, que està ja garridiña, & fica donzeliña.	1. Veña o lume, veña e fujan as tenebras.
o parabem le day, tangey, tocay, sonay a gaytiña.	2. Beña, è seja.	Que colle peroliña, que faija a mantiña.	2. Veña, e seja.
Sonay a frautinha tangey a bajon	1. E sua bela may o parabein lle day, que colle peroliña, que faysa a mantiña.	Que bulle a palliña, tangei.	1. E á sua bela mai o parabén lle dai, que está ja paridiña e fica donceliña.
que me retinha, retinha, retinha que me retina, retina o som.	2. O parabein lle day.	Sonai a gaitiña tangei a frautiña.	2. O parabén lle dai.
	1. Que está ja paridiña, e finca dounzeliña.	tocai o bajon, que me retiña, retiña o son.	1. Que colle a peroliña, que faixa a mantiña.
	2. O parabein lle day.		2. O parabén lle dai.
	1. Que bulle a paliña.		1. Que bole a palliña
	2. O parabein lle day.		2. O parabén lle dai.
	1. Tangey, tocay, sonay a gaitiña, tocay a flautiña, tanjei o bajón, que me ritiña, ritiña, ritiña que me ritiña, ritiña o son.		1. Tangei, tocai. Sonai a gaitiña, tangei a frautiña, tocai o bajón, que me retina, retina, retina que me retina, retina o son.

forma non galega), con esta intencionalidade, se producise no traslado ao territorio de lingua española¹⁶. A versión toledana presenta outras alteracións hipercharacterizadoras que non se puideron producir en contexto portugués, como *diviño* por *divino*, pois só para un castelanfalante funciona *-iño* como forma inescusable nun galego. Finalmente, os finais de *bajón*, *som* ~ *son* carecen de interese contrastivo para os españois; só teñen importancia en territorio portugués (L40, L45), como formas características dos falantes do norte e dos galegos.

A transmisión en contexto non galegófona produce os seus efectos na hibridación, ben que de modo diferente dependendo da lingua de contacto. O portugués deixa como pegada

de forma ocasional a grafía <nh> /ɲ/ e <m> final (*minha*, *som* L40) ou, se callar, a solución <oi> por <ou>, xa comentada, en *oyro* (que chegou a T41). De continuarmos co cotexo das restantes coplas, veriamos que non é este o único trazo ‘portuguesizante’ de T41 que falta na outras versións, como a P1 (eu) *sou*, tipicamente portuguesa e que só de maneira moi minoritaria se podería documentar no galego da época, ou representacións gráficas de pronunciación á portuguesa, coma se a transmisión se producise de forma oral: *parabéin*, *bein*, *cho-teyra* (por *chouteira*), *dounzeliña* (por *donzeliña*)...¹⁷; por estas razóns, concluímos que T41 chegou desde Portugal ou da man de portugueses. Son pegadas do castelán a interpretación

¹⁶ A pesar de que dificulta máis a rima, ao non seren vogais homorgánicas. Para a distribución xeolectual actual da variación {ou, oi, ô} a partir do antigo ditongo *ou* en territorio portugués, véxase Dias 2013; a área que a autora denomina “zona de /ow/” sitúase no norte, entre a raia galega e o río Douro.

¹⁷ Na mesma liña de apego á oralidade hai que interpretar, cremos, outros trazos, como *para terra* (< para a terra), *beña*, *miña* (< veña a miña), *beña lume* (< veña a lume).

de *embora beña* como *norabuena* (L40) –á que nos referiremos a seguir–, a conxunción *y* (T41) –inexplicable en galego ante consoante, pero tamén se podería deber ao reflexo da pronuncia portuguesa–, e a redución gráfica de *para a* <para> (T41), ao non percibir o cambio fónico na amálgama. É probable que a mala interpretación de *faja* (Ind. Pre. de cast. *fajar*) estea detrás dun incomprendible *faga* (L40: nin é o momento nin é admisible o mandato de facer a mantiña); *faysa* T41 é unha tentativa de resolver de forma plausible o problema, mais cremos que a mellor opción é *faija* (L45, por *faixa*, con consoante xorda tamén en portugués), no sentido de ‘envolver algo dando voltas, como se fai cunha faixa’ (a nai colle o neno, “a peroliña”, e fáixao coa mantiña).

Merecen tamén algún comentario outros trazos lingüísticos, que pasamos a expoñer por orde de aparición. Vallan, asemade, como xustificación da nosa edición:

- O primeiro verso de T41 e L45 (este con mellor grafía) é máis acaído cá versión de L40, pois mantén a rima asonante en *veña/terra* no pareado (xa non se ten en conta a diferenza de abertura entre as dúas vogais medias) sen recorrer ao castelanismo *buena*¹⁸. A forma *embora* está documentada en galego como ‘en hora boa, en boa hora’, non só no período medieval (DDGM: sv. *emboora*) senón aínda en Sarmiento (“embora as contemos”, copla 129; e nos comentos, “*Embora por en buena hora lo contemos*”, Sarmiento 1970: 459); a outra solución galega, *en hora boa* > *noraboa*, non é aceptable por cuestións de rima. Os dicionarios portugueses recollen este significado como antigo, polo que na altura non debería ser opaca para o público lisboeta; por tanto, hai que concluír que a deturpación *veña nora buena* (< *veña mbora veña*) se produciu en contexto castelanófono, con anterioridade á versión de L40.
- O paralelismo cos outros primeiros versos dos cinco dísticos iniciais non apoia a versión de T41, que coloca *miña vida* como

vocativo (*Beña, miña vida* T41): ou ben aceptamos a FN co determinante posesivo sen artigo –nada alleo á gramática da época–, como se le en *Beña minha vida* L40 e *Veña miña vida* L45, ou ben entendemos que baixo o <a> final do verbo se agocha a crase co artigo feminino. Na nosa edición optamos pola solución máis respectuosa cos orixinais.

- O uso do topónimo *Galicia* pode ser indicativo de que no centrosur de Portugal eran conscientes da diferenza e colocaron en boca dos galegos a forma habitual de chamaren estes á súa terra, mais tamén pode ser indicio de que este vilancico non naceu en Portugal.
- Canto a *Beña o lume* L40, *Beña lume* T41 e *Beña a lume* L45, a variación ofrece datos interesantes para o transmisión e filiación das copias: en L40, *lume* está empregado como substantivo masculino, como é de regra en galego e en portugués, co seu determinante en concordancia; T41 ofrece unha variante sen determinante expreso, mais de acordo coas grafías doutras partes do texto só poderíamos interpretar que hai crase de /aa/, polo tanto *Beña a lume*; esta é a secuencia que vemos en L45, onde *a lume* se explica como parte dunha locución verbal co significado ‘maniféstese, tórnese público’ (port. {*dar, tirar, trazer, vir*} *a lume*, Houaiss: sv. *lume*), sen por iso deixar de xogar coa imaxe do brillo do lume esporeando as tebras.
- Na conclusión da primeira parte encontramos *tenebras* L40, *tiniebras* T41 e *teniebras* L45, en todas as versións coa nasal intervocálica que se perdeu nas solucións patrimoniais (gal. *tebra*, port. *treva*), e nas últimas tamén cun ditongo castelanizante. É evidente que en territorio castelanófono sería mellor entendida calquera destas solucións ca *tebra*; a explicación non vale para Portugal, mais en portugués existe tamén o cultismo *tênebra* (documentado na escrita xa a mediados do séc. XVIII, Houaiss: sv),

¹⁸ “Venga en hora buena”, coa variante “en hora buena venga” era un verso previsible en castelán, recorrente tanto nos vilancicos coma nos autos sacramentais. Por poñermos un caso, Manuel de León Marchante usou esta frase para os coros polo menos en tres dos seus vilancicos (León 1733: 148, 169, 182).

que permite adaptar o castelanismo como *tenebras* sen perder sílabas no metro¹⁹.

- *Colle peroliña* (T41, L45) precisa da restauración do artigo “colle a peroliña”, metáfora do redondo e branco neno recién nacido.
- Os versos “Que está ja paridiña, / e finca dounzeliña” (T41) e “que está ja garridiña, / & fica donzeliña” (L45) faltan en L40. Aínda que o adxectivo *garrido* / *garrida* e os seus diminutivos son formas recorrentes nos vilancicos, tendo en conta que hai unha referencia explícita ao dogma do nacemento virxinal de Xesús, semella máis acaída a versión de T41.
- *Retinha* (L40), *retiña* (L45) e *ritiña* (T41) presentan unha consoante palatal en lugar da esperable alveolar. Esta solución é tan frecuente nos vilancicos que fai pensar se non existiría tamén en galego, a carón de *retinir* que se considera canónica, coma en portugués (< lat. RETĪNNIRE, en cast. *retiñir*). Con todo, cómpre facer notar que o orixinal de L40 di, textualmente, “que me retinha, retinha, retinha / que me retina, retina o som”, por iso editamos consonte a forma tradicional.

Así pois, hai base para conxecturar que T41 chegou desde Portugal ou da man de portugueses, xa que hai varios elementos que “portuguesizan” o texto e que faltan nas outras versións; mais tamén semella que L40 ten antecedentes fóra de Portugal. Comprobamos, ademais, de forma reiterada, que hai relación entre T41 e L45, máis aló da feliz coincidencia no primeiro verso. Tomando en consideración estas apreciacións e os pormenores explicitados nos parágrafos precedentes, non contraditos pola análise das restantes estrofas, concluímos que a difusión do vilancico, no que afecta ás tres versións estudadas, puido producirse do xeito seguinte: versión feita en Castela,

anterior a 1640 → L40 → eventualmente, outras versións diferentes das nosas / en paralelo, versión feita en Portugal, anterior a 1641 → T41 → L45.

4. A imaxe lingüística do galego

Como xa tivemos ocasión de mostrar, para os falantes portugueses da área centromeridional, que marca de forma inequívoca o rumbo do padrón xa nesta época, os galegos (de Galicia) e en boa medida os portugueses setentrionais (tamén chamados *galegos* en numerosas ocasións) caracterízanse por unha serie de trazos que se fan recorrentes (ausencia de /v/, pronuncia de <ou> como ditongo, terminación *-on*, etc.)²⁰.

A maior parte dos vilancicos foron cantados en territorio castelán. Ademais débese ter presente que incluso noutros territorios lingüísticos predominaba o uso do castelán como lingua dos vilancicos, pois, como dixo Lapa (1930: 8-9), a propósito do uso en Portugal, “a grande maioría dos vilancicos é escrita en castelano. Era moda, que vinha já de longe, e fôra naturalmente agravada pela dominação filipina. (...) era emfim, digamos, como que a língua oficial do vilancico, como no século 13 o galego-português fora a língua oficial do lirismo”. Engádase que, no mellor dos casos, en cada celebración só hai un vilancico en galego, rodeado doutras pezas escritas de forma preferente en castelán.

Por iso é interesante a imaxe contrastiva da lingua galega que proxectan estes autores que escriben, copian, mesturan, acomodan... letras de cancións para presentalas diante dun auditorio non galegófono de modo que a identificación lingüística sexa inmediata e inequívoca. Insistimos no feito de que nos estamos cinguindo a vilancicos non paródicos, polo que dominan as composicións orixinarias en lingua galega ou en todo caso adaptadas con verosimilitude; naturalmente, cando estas pezas evolucionan e só

¹⁹ A medida do verso heptasílabo require unha forma grave *tenébras*, explicable por diástole ou por existir como variante máis popular. Véxase este exemplo, anónimo, do século XVII: “A ti, ó poderoso comissário das tenebras, reverenciamos e rendemos graças” (de “Obras do Diabinho da Mão Furada”, en António José da Silva (o Judeu), *Obras Completas. Pref. e notas do Prof. José Pereira Tavares*. Lisboa: Livraria Sá da Costa, 1958, vol. IV; *apud* Hatherly *et al.* 2005: 58).

²⁰ Ocupámonos da caracterización da lingua dos galegos en textos portugueses na nosa comunicación no VIII Congreso da AIEG, Bahia 2006 (Álvarez 2009). Remitimos a ese traballo para a imaxe lingüística dos galegos nos vilancicos cantados en Portugal, tanto nesta época coma na posterior, cando se converten en paródicos; no mesmo lugar pódense comprobar tratamentos análogos no teatro cómico contemporáneo e posterior.

importa a comicidade, os trazos paródicos e os inventos lingüísticos proliferan.

Transcribimos como mostras catro vilancicos de diversas procedencias dentro do amplo dominio do español²¹. Foron cantados nas cerimonias de nadal na catedral de Sevilla en 1626²², na catedral de Toledo en 1638²³, na igrexa parroquial de San Miguel de Jerez de la Frontera en 1649²⁴ e na catedral de México en 1650²⁵. Na exemplificación tomamos datos doutros textos do mesmo teor e período.

Sevilla 1626 (S26)

O mancebino novo
que deitado está en portal
 pois nace entre galegos
 el de amores morrerá.
 Ay que lo vi que lo vejo
 ay *que* lo vi, *que* lo vi, *que* lo creigo.

Al pequenino *que* baixa del cielo
 bordando los campos, legrand'os ventos
 ay que lo vi, que lo veyo
 los galeguiños le cantan contentos,
 porque nos vene a donar el remedio,
 ay que lo vi, que lo vi, que lo creigo.

Pois *que* conozco se deita enel feno,
 chorando de amores temblando de yelo
 ay que lo vi que lo veyo,
 la súa may le aplica alo peito
 cerrando dois soles rendidos al sueño
 ay que lo vi, que lo vi, que lo creigo.

Toledo 1638 (T38)

Ay miño señor,
 si vos proua a terra,
 víndivos acá
 coa gente galega.

E vos dará musiquiña
 con frautiña e rabiquiña,
 cascabel, y cherumbela
 ay víndivos acá
 coa gente galega.

Coplas.

Con ser Deus santo, e forte
 os proua a terra de sorte,
 que vos teyne de dar morte
 porque sois fillo de Adán,
 Ay víndivos, &c.

Miña terra non vos nego
 vos será de máis sosego,
 que achareis nela o galego
 que vos veine agasallar.
 Ay víndivos, &c.

Si chorais as lagrimiñas
 por acharos sein mantiñas,
 as mulleres galeguiñas
 voso corpo abrigarán.
 Ay víndivos, &c.

Folgareisvos da manida
 coa gente, que é comprida,
 e vos quere como a vida,
 e con vos se folgará.
 Ay víndivos, &c.

²¹ Non ofrecemos a nosa edición. Limitámonos a actuar sobre a separación de palabras, a acentuación, o uso de maiúsculas e o desenvolvemento de abreviaturas, marcado con cursivas.

²² *Villancicos que se cantaron en la Sancta Yglesia Mayor, en los Maytines solemnes, del Santissimo Nacimiento de nuestro Señor. En Sevilla por Juan Cabrera. Frontero del Correo Mayor* (BNE VE/1309/2). Accesible en <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000057012&page=1>. Apréciase ben a diferenza lingüística entre os versos aproveitados de composicións precedentes (sobre todo 1-4) e os burdos intentos de tradución ao galego (por exemplo, o estribillo ou a segunda estrofa).

²³ *Villancicos, que se cantaron en la... Iglesia de Toledo Primada de las Españas la noche del ... Nacimiento de... Iesu Christo, este año de mil y seiscientos y treinta y ocho* (BNE VE/88/5). Accesible en <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000142381&page=1>.

²⁴ *Villancicos que se cantaron en la iglesia parroquial de el señor San Miguel, de la ciudad de Xerez de la Frontera, en los Maitines de la Navidad de nuestro Señor Iesu Christo, este año de 1649. Compuestos por el licenciado Francisco Barbosa Presbitero, Maestro de Capilla, y Sochantre en la dicha Iglesia. Impreso en Xèrez de la Frontera, por Diego Perez Estupiñan. Año de 1650* (BNE VE/176/58). Accesible en <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000170060&page=1>. Hai edición facsímile en Barbosa 1968; foi editado por Ricón (1977: 457-458) e por Rey Sánchez (2010: 92-93). “Docho me a Deus” por *doucheme a Deus*, expresión que apunta inequivocamente a unha orixe galega da letra.

²⁵ Tomado de *Villancicos de la Colonia*, CD do coro da Catedral de México. Segundo o caderno e os créditos que o acompañan, o vilancico procede da Colección Sánchez Garza; o autor, Fabián Ximeno, de posible orixe española, foi organista da catedral de México, polo menos desde 1623, e en 1648 foi nomeado mestre de capela, cargo que manteve ata a morte, en 1654; a letra foi transcrita por Felipe Ramírez Ramírez e forma parte do tomo II do *Tesoro de la música polifónica en México*. A transcripción do texto contén formas incomprensibles (*gaitañas, poertaliño...*), polo que transcribimos a partir da voz. Editado tamén por Stevenson (1974: 85).

Véndouos o galeguiño
tangerá o pandereitiño,
y ao son de tamboritiño
cantiguiñas vos dirá.
Ay víndivos, &c.

Passareislo meu señor
a pracer muyto mellor
que en Belén, donde rigor
malas noytes vos dará.
Ay víndivos, &c.

Tenemos muytas galiñas,
cabritiños, terneriñas,
mel, e queju, e mil cosañas,
muyto viño, e muyto pan.
Ay víndivos, &c.

Jerez de la Frontera 1649 (X49)

Ay cachopiño belo
dóchome a Deus
como sois galego.

Ay miño pai diuino
dóchome a Deus
como sois galegiño.

Ay cachopiño de oiro
dóchome a Deus
como sois fermoso.

Ay miño pay de vida
dóchome a Deus
como sois de Galicia.

No vosso portaliño
para ser pao de os ceos
naceis entre as espigas
que comen os galegos.

Ay belo fermosinho
dóchome a Deus que os vejo
no portaliño pobre
donde estais encuberto.

Eu vos teño nos ollos
porque dizen os cregos
que vos sois a lusiña
dos ollos con que vejo.

Vestido de encarnado
en que estais encuberto
en Galisa de graça
vos queren os galegos.

Todos los galegiños
vem de Galisa a veruos
y na vossa choupiña
tocan o'seus instrumentos.

Tocay ao marotiño
que eu tambem cantar queiro
huas copriñas nouas
que cantao os galegos.
Ay cachopiño &c

México 1650 (M50)

Ay galeguiños ay,
ay que lo vejo
mas ay que lo miro
ay que lo vejo
en un pesebriño.
Ay, ay galeguiños ay...

Ay, ay o fillo de Deus
ay, ay que a la terra vino.
Ay o fillo de Deus
ay, que a la terra vino.
Ay galeguiños ay,
ay que lo vejo
mas ay que lo miro
ay que lo vejo
en un portaliño.

Ay, soen gaitiñas
e dai mil boltiñas
ay tocá las flautiñas
tambem los pandeiros
ay, ay que face pucheiros
por mis amoriños.
Ay galeguiños ay...
Ay fagámoslle festas
que entre duas bestas
ay que muito le cuesta
nace sendo nobre²⁶
ay, ay na terra tan pobre
por os pecadiños.
Ay galeguiños ay...

Para lograr a identificación lingüística, hai algunhas formas morfolóxicas que se consideran típicas e que se repiten: *eu, meu* (ademais de *miño*), *miña, súa, noso...*; P5 en *-des ~ -is* (*sois, bailais, tangeis*), co imperativo en *-de* ou *-i* (*vinde, tocai, tangei, vení...*); *teño, veña,*

²⁶ Compárese con Toledo 1633 (cursivas nosas): “¡Ay! Galeguiño nace, fagámosle / festas, / e veña Tosiño dando mil boltetas. / ¡Ay! Galeguiño nace entre duas / bestas, / que meus amoriños muyto asas / le cuesta.” (BNE VE/88/1).

vexo... Tamén hai algunhas palabras clave que se repiten con frecuencia: *may* (= *nay*), *fillo*, *donzela*, *ollos*, *chorar*, *pallas*, *estrelas*, *noite*, *peito*, *Deus*, *pérolas*, *folga -folgança*, *folixar...* e *galego*; o *nen*o está referido ou adxectivado como *meniño* (~ (*mi*) *niño*), *cachopiño*, *marotiño*, *mancebiño*, *garridiño*, *fermoso*, *belo...* Son fundamentais tamén as referencias aos instrumentos musicais, ao canto e ao baile: xunto á omnipresente *gaita* ~ *gaitiña*, están a *frauta* ~ *frautiña* (*flautiña*), o *pandeiro*, *pandereitiño*, *tamboritiño...*, e mais *tanger*, *volteta* ~ *voltiña*, *cantiña* ~ *cantiña*, *chouteira...*

A maiores funcionan ben algúns trazos contrastivos, que poden dar como resultado formas aceptables, formas semellantes e formas aberrantes. Entre os que mellor caracterizarían a lingua galega diante dun público que fala algunha das variedades de español, estes son os máis recorrentes:

- Superabundancia de ditongos decrecentes, que vai moito máis aló da evidente frecuencia real: <ei> *creigo* ‘creo’, *sein mantiñas* ‘sen mantiñas’, *teyne* ‘ten P3’, *veine* ‘vén’, *peina* ‘pena’, *donzeila*; <oi> *foiron*, *castañoilas*, *coiraçon*; <ui> *tuido*; <ai> *fracai-sso*, *pays* ‘paz’.
- Ausencia de ditongos <ie, ue>, aos que corresponde vogal simple: *vene* (< cast. *viene* ‘vén’), *tambén* (< *también*, sen necesidade da intervención da forma portuguesa). Repárese en S26, “bordando los câpos, [a]legrãdos vêtos”: todo o verso queda en castelán, salvo *os ventos*.
- Máis raramente neste período, vogais finais pechadas: *vindi*, *queiju...*
- Rotacismo en grupo explosivo con oclusivas: *fror*, *preito*, *cravel*, *copriña...*
- Formas iniciadas por *ch-*, en correspondencia con cast. *ll-*: ademais da profusión de *chamar*, *chegar*, *chorar...*, outras como *chevo*.
- *F-* inicial en correspondencia con cast. *h-* pode escusar outros trazos, como en *face* (< cast. *hace*, gal. ‘fai’).
- Uso continuo de formas en diminutivo: *galeguiños*, *pesebriño*, *gaitiña*, *voltiñas*, *amoriños*. En T38, o diminutivo está en posición de rima en dez ocasións, ás que aínda hai que sumar dúas ocorrencias máis; mais, obsérvese, a galeguidade de M50 reside fundamentalmente neste risco, con 12 rexistros en 17 versos. Por veces semella

que o uso de *-iño* abonda e escusa botar man doutros trazos: así, *flautiña* pode ser suficiente, sen reparar no grupo consonántico inicial.

- A terminación *-iño* esténdese non só á correspondencia con outros *-ino* casteláns (se cast. *divino*, logo gal. *diviño*) senón tamén a cast. *-ío* (posesivo *miño*, como masc. de *miña*). Ante esta frecuencia, nada se opón a *niño* ‘neno’ e moito menos a interpretar *meniño* como *mi niño*.
- Algunhas doses de arcaísmo: *aqueste*.

5. Cabo

Quixemos romper unha lanza por estes textos, chamando a atención sobre a súa existencia, en todos os territorios dependentes das coroas española e portuguesa, e sobre o gran número de testemuños, de maior ou menor circulación e con transmisión complexa, para alertar sobre a necesidade de levantamento, inventario, edición e estudo. Pretendemos mostrar que é posible o traballo filolóxico para nos achegar aos textos que están na base, moitos deles poemas compostos, verdadeiramente, en lingua galega, que cómpre recuperar para a nosa historia cultural, lingüística e literaria; dito doutro xeito, quixemos mostrar como a ciencia filolóxica permite identificar fenómenos debidos á transmisión textual deficiente en contextos lingüísticos non galegos e separalos tanto da natural hibridación lingüística debida ao contacto coma das intervencións feitas á procura da hipercharacterización lingüística do texto, sempre diferenciando a influencia producida en contexto español da orixinada en contexto portugués.

A través do estudo e edición de “Ollos tan divinos” (anterior a 1609), que circulou polo menos no ámbito dos conventos do Carmelo, mostramos a orixe galega da composición, entendida en sentido lingüístico e non territorial. A través de “Veña embora, veña” mostramos que as letras dos vilancicos tiñan os seus circuitos pola ampla rede de centros relixiosos de importancia, entre os que estaban comprendidos por igual os de dominio eclesiástico e os da esfera cortesá, sen fronteiras entre España e Portugal, incluso con posterioridade ao período da monarquía dual (1580-1640); as tres versións analizadas permitiron reconstruír aceptablemente o texto, sen as deturpacións causadas pola transmisión

en diferentes circunstancias, e colocalas nunha orde cronolóxica relativa, sen unha filiación directa entre todas elas. Por último, transcribimos catro vilancicos cantados en diferentes lugares do dominio español (Sevilla, Toledo, Jerez de la Frontera, México), só como mostras de apoio, para facer ver que a análise dos riscos lingüísticos destes textos, sobre todo os que non reflicten un estado real de

lingua, permiten trazar o retrato lingüístico dos galegos, aos ollos e oídos dos falantes das distintas variedades do español; porque é tamén función nosa, como filólogos, coñecermos a paleta de trazos finxidos, postos ao servizo do espectáculo (na igrexa ou no teatro), e xebra-los axeitadamente dos trazos reais, variantes nalgunha variedade lingüística do diasistema galego coetáneo.

6. Referencias bibliográficas

- ALGa I = Constantino García e Antón Santamarina (dirs.) (1990): *Atlas Lingüístico Galego. I: Morfoloxía verbal*. A Coruña: Fundación Barrié / Instituto da Lingua Galega, 2 tomos.
- ALGa II = Constantino García e Antón Santamarina (dirs.) (1995): *Atlas Lingüístico Galego. II: Morfoloxía non verbal*. A Coruña: Fundación Barrié / Instituto da Lingua Galega.
- Álvarez, Rosario (2007): “Autenticidade, imitación e parodia na lingua dos vilancicos *en galego* do século XVII”, en H. González Fernández e M^a X. Lama López (eds.). *Actas do VII Congreso Internacional AIEG: Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península*. Sada: Edicións do Castro / AIEG / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), pp. 703-719.
- (2009): “A lingua dos galegos en textos portugueses dos séculos XVI-XIX”, en G. Rei-Doval (ed.), *A lingüística galega desde alén mar*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 295-317.
- Álvarez, Rosario e Ernesto González Seoane (2016): “Iluminar los Séculos Escuros: *Gondomar*, un corpus para el estudio del gallego en la Edad Moderna”, en J. Kabatek (ed.), *Lingüística de corpus y lingüística histórica iberorrománica*. Berlín: Walter de Gruyter, pp. 117-138.
- Barbosa, Francisco (1968): *Villancicos que se cantaron en la Iglesia Parroquial del Señor San Miguel, en los maitines de la Navidad de Nuestro Señor Iesu Christo, este año de 1649*. Cieza: Antonio Pérez y Gómez, imp. [reproducción facsimilar da edición de Xerez de la Frontera, 1650].
- Bengoechea Izaguirre, Ismael (ed.) (1995): *Poemas del Carmelo en la Biblioteca Colombina (siglos XVI-XVII)*. Sevilla: Miriam.
- Buezo Canalejo, Catalina (1992): “La figura del gallego en los villancicos toledanos de los siglos XVII y XVIII”, en R. Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*. A Coruña: Fundación Barrié, vol. VI, pp. 417-447.
- Carvalho Calero, Ricardo (1978): “Testemunhos gráficos do galego *decer* «dizer»”, *Verba. Anuario galego de filoloxía* 5, pp. 101-112 (<http://hdl.handle.net/10347/3540>).
- (1980): “Novos testemunhos gráficos do galego *decer* «dizer»”, *Verba. Anuario galego de filoloxía* 7, pp. 203-207 (<http://hdl.handle.net/10347/4838>).
- CLP = Telmo Verdelho (dir.): *Corpus Lexicográfico do Português*. Aveiro / Lisboa: Universidade de Aveiro / CLUL (<http://clp.dlc.ua.pt/Inicio.aspx>).
- CORDE = Real Academia Española: *Banco de datos (CORDE). Corpus diacrónico del español* (<http://www.rae.es>).
- Coro de la Catedral de México (s.d.): *Villancicos de la Colonia*. Director: Guillermo López Nava. México: Colección Clásicos Mexicanos [CD].
- Corominas, Joan e José Antonio Pascual (1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos, 6 vols.
- Damasceno, Darcy (1970): *Vilancicos seiscentistas*. Rio de Janeiro: Biblioteca Nacional.
- Dávila Corona, Rosa M^a; Montserrat Duran Pujol e Máximo García Fernández (2004): *Diccionario histórico de telas y tejidos. Castellano-catalán*. [Valladolid]: Junta de Castilla y León.
- DdD = Antón Santamarina (ed.): *Diccionario de diccionarios*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (<http://sli.uvigo.es/DdD>).
- DDGM: Ernesto X. González Seoane (dir.) (2006): *Diccionario de Diccionarios do Galego Medieval* (Anexo 57 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (<http://sli.uvigo.es/DDGM/>).

- Dias, Ana Paula Veloso Pratas (2013): *A variação ou ~ oi em Portugal continental*. Tese de mestrado. Lisboa: Universidade de Lisboa. (<http://hdl.handle.net/10451/10138>).
- DRAG = Real Academia Galega: *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega (<http://academia.gal/dicionario#inicio.do>).
- García de la Concha, Víctor e Ana María Álvarez Pellitero (eds.) (1982): *Libro de romances y coplas del Carmelo de Valladolid (c. 1590-1609)*. Salamanca: Consejo General de Castilla y León, Servicio de Publicaciones.
- Hatherly, Ana et al. (2005): *História e antologia da literatura portuguesa. Século XVII*. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Houaiss, Antônio et al. (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva (versión electrónica).
- Lapa, [Manuel] Rodrigues (1930): *Os vilancicos. O vilancico galego nos séculos XVII e XVIII*. Lisboa: ed. do autor.
- León Marchante, Manuel de (1733): *Obras poeticas posthumas que a diversos assumptos escreveu el maestro don Manuel de Leon Marchante*. Madrid: Gabriel del Barrio.
- Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: Instituto Nacional de Investigação Científica.
- NTLLE = Real Academia Española: *Nuevo tesoro lexicográfico de la lengua española*. Madrid: Real Academia Española (<http://buscon.rae.es/NTLLE/SrvltGUIloginNTLLE>).
- Pensado, José Luis (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos (Ensayos)*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Rey Sánchez, Generosa (2010): *Lenguas y dialectos hispánicos en los villancicos del Siglo de Oro. Edición de villancicos españoles del siglo xvii (1621-1700)*. Tese de doutoramento. Salamanca: Universidad de Salamanca (<http://hdl.handle.net/10366/76518>).
- Ricón, Amado (1977): “Feixe de vilancetes galegos apañados nos fondos da *Hispanic Society of America* de Nova Iorque”, en *Grial* 58, pp. 455-479.
- Sarmiento, Martín (1970): *Colección de voces y frases gallegas. Edición y estudio por J. L. Pensado*. Salamanca: Universidad de Salamanca.
- (2002): *Coloquio en mil duascenas coplas galegas. Facsímile do orixinal autógrafa*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (<http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=316>).
- Stevenson, Robert Murrell (1974): *Christmas music from baroque Mexico*. Berkeley / Los Angeles / London: University of California Press.
- TLPGP = Rosario Álvarez (coord.): *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.gal/Tesouro>).
- TMILG = Xavier Varela Barreiro (dir.) (2004-): *Tesouro medieval informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (<http://ilg.usc.gal/tmilg>).